

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 11 DE AGOSTO DE 2014

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 11 de agosto de 2014.

HORA DE COMEZO: 13:55 h.

HORA DE REMATE: 14:50 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D^a Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Rafael Soliño Costas, D^a Dolores Gallego Santos, D^a M^a Lucía Lede Fernández.

AUSENTES: D. Pío Millán Blanco e D. José Luis Gestido Porto.

SUPLENTES: D. Francisco Javier Soliño Soliño.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D^a Berta Alonso Soto e a interventora, D^a M^a Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES REALIZADAS OS DÍAS 16, 23 E 30 DE XUÑO DE 2014

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar os borradores das actas das sesións anteriores da Xunta de Goberno Local, realizadas os días 16 e 23 de xuño de 2014.

Así mesmo, a Xunta de Goberno Local, acordou deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local realizada o día 30 de xuño de 2014.

URBANISMO E VIVENDA

2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 7 DE AGOSTO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS

2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advírteselle ó/a interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.l. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando

certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

EXPEDIENTE Nº 23.387.- LICENZA MUNICIPAL Nº 22.479.- A José Juncal Costa e Olaya Antepazo Brun, con enderezo en Sabaceda, nº 50-Moaña, modifícaselle a referida licenza no sentido en que as obras se axustarán igualmente ao proxecto reformado de execución visado o día 1 de abril de 2013.

2.A.2) DENEGACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 25.096.- O tramitado a instancia de José Benavides Abalde, con enderezo nas Barreiras, nº 35-Liméns-O Hío, para reparación e consolidación de muro de contención de terras nas Barreiras-Liméns, denégase porque o solicitado non é coherente coas determinacións adoptadas no expediente de restauración da legalidade urbanística 35/2013, polo que se deberán demoler as obras de consolidación executadas de xeito inadecuado no muro de carácter tradicional existente.

2.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 24.504.- O recurso potestativo de reposición interposto por María del Carmen Pousada Mariño, con enderezo en Arana Goikoa, nº 8-1º Dereita-Azpeitia-Guipúzcoa, foi estima e polo tanto emítase a seguinte información urbanística:

"O Concello de Cangas conta con Normas Subsidiarias de Planeamento aprobadas definitivamente por acordo da Comisión Provincial de Urbanismo de data 7 de outubro

de 1994. A parcela sinalada na documentación gráfica aportada presenta a seguinte ordenación urbanística, de acordo co disposto nas vixentes Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Cangas:

- Clasificación urbanística do solo: solo de núcleo rural.
- Cualificación urbanística do solo: SNUN-SNUA.

De acordo co informe xurídico do día 3 de xullo de 2014, será de aplicación a excepcionalidade sobre o cumprimento do disposto sobre parámetros da parcela mínima na ordenanza de aplicación SNUN.

2.A.4) LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN DOS SEGUINTE EXPEDIENTES DE OBRAS:

EXPEDIENTE Nº 21.407.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR "IMAXE URBÁ CANGAS, S.L."

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal o día 22 de xullo de 2014, acordou:

a) outorgar LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN, a "IMAXE URBÁ CANGAS, S.L.", con enderezo en Rúa Praza do Arco, nº 1-Cangas, para 4 vivendas unifamiliares pareadas, sito no Viso-O Hío, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 20.956.

b) Así mesmo, apróbase a recepción das obras de urbanización previstas no devandito proxecto e garantidas mediante aval, de conformidade co exposto polo técnico arriba citado.

2.A.5) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

EXPEDIENTE Nº 21.133.- LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN PETICIONADA POR HORTENSIO DÍAZ BECERRA CHAOS, EN REPRESENTACIÓN DA MERCANTIL "CENTRAL DE MASEIRIÑOS, S.L."

A Xunta de Goberno Local tendo en conta o informe-comprobación, emitido ao respecto polo arquitecto municipal o día 8 de abril de 2014, acordou deixar sobre a mesa, pendente de mellor estudo a concesión de LICENZA MUNICIPAL DE PRIMEIRA OCUPACIÓN a HORTENSIO DÍAZ BECERRA CHAOS, en representación da mercantil "CENTRAL DE MASEIRIÑOS, S.L.", con enderezo en Rúa Isla de Man, nº 4-2º esquerda-Lugo, para vivenda, sita en Menguíña-Aldán, construída ao abeiro da licenza municipal Nº 22.290.

2.B) LICENZA DE OBRAS MENORES

Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e vistos, así mesmo, os informes técnicos e administrativos incorporados, a Alcaldía acordou, outorgar as seguintes licenzas de obras, deixando a salvo o dereito da propiedade, os de terceiros e os do común, de conformidade coa documentación presentada, sempre que esta se adapte ó condicionado que se establece en cada autorización e ás seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inexcusable que recae nos seus titulares, de obter, no seu caso, as preceptivas autorizacións por parte dos outros organismos estatais, con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Obras do Porto de Vigo, Pontevedra, A Coruña, etc.).

2ª.- Advírtese ó interesado ou interesada que esta licenza carece de validez en tanto non se efectúe a operación de "tira de cordas" pola comisión de obras e técnico/a aparelador/a municipal, efecto para o cal deberá solicitar o/a interesado/a que se leve a cabo esta antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá ter na obra a licenza e o deseño selado polo concello a disposición dos/as funcionarios/as municipais.

4ª.- De conformidade co disposto no artigo 197.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

a) Iniciación dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.

b) Interrupción máxima de seis meses, debendo comunicar ó concello e advertíndose con carácter excepcional e por unha soa vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.

c) Remate das obras dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

5ª.- As características constructivas dos cerramentos deben seren as que sinale a ordenanza respectiva segundo a cualificación urbanística do solo, e que se especifican na documentación das vixentes normas que leva por título "Normas Urbanísticas I".

EXPEDIENTE Nº 24.287.- A "GAS GALICIA S.D.G., S.A.", con enderezo en Trav. de Vigo, nº 204-Vigo, para en Rúa Santa Baia, nº 2-10-Cangas, legalizar unha canalización de 45,00 metros, para gas natural de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE Nº 24.597.- A "R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.", con enderezo en Rúa Real, nº 85-A Coruña, para en Rúa Eduardo Vincenti, nº 12-Cangas, executar unha canalización de 34,00 metros para rede de telecomunicacións, de conformidade coa documentación presentada e coas seguintes condicións:

* As obras non se poderán realizar no período do verán, comprendido entre o 15 de xullo e o 15 de setembro.

* Non se permiten reposicións parciais.

* Debe repoñer a totalidade dos servizos e infraestruturas afectadas.

* Por razóns de seguridade e na medida do posible, non se permiten canalizacións sobre a calzada, debéndose emprazar nas zonas destinadas a beirarrúas.

* Debe presentar un aval por importe de DEZASETE MIL OITOCENTOS CINCUENTA E TRES EUROS CON CORENTA E DOUS CÉNTIMOS (17.853,42 €) para responder das obras de reposición da vía pública. No caso de que o concello teña que facer obras no dominio público do sistema viario e resulte afectada esta obra, será por conta de "R. CABLE Y TELECOMUNICACIONES GALICIA, S.A.", o traslado, adaptación, reposición ou calquera outra actuación que resulte necesaria, sen que iso supoña dereito a ningún tipo de indemnización.

Deberase axustar, así mesmo, ás seguintes condicións:

*Se o vial ten 5,00 metros ou mais de ancho, procederase por parte da empresa a reasfaltar un carril.

*Se o vial é inferior a 5,00 metros de ancho, deberá reasfaltar 1,00 metro a cada lado da zanja.

EXPEDIENTE Nº 25.070.- A María Yolanda Cuadrado Llano, con enderezo en Camiño da Pinela, nº 28-Santa Marta-Darbo, para no referido lugar consolidar un muro de contención e cerramento de 36,75 m²., de conformidade coa documentación presentada.

3º.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIÓNS PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES

A Xunta de Goberno Local, queda informada das seguintes comunicacións previas de obras e actividades:

EXPEDIENTE Nº 24.904.- "COMUNIDADE DE PROPIETARIOS 38-GARAJES", impermeabilización terraza na Avda. de Bueu, nº 38-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.064.- Susana Paredes Coya, reparacións exteriores en Rúa Enseñanza, nº 1-1º-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.068.- Mercedes Mallo Olivera, pintado fachada na Avda. de Ourense, nº 39-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 24.999.- Mercedes Mallo Olivera, conservación e mantemento edificación existente na Avda. de Ourense, nº 76-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.102.- Luisa Rial Martínez, substitución cuberta en Rúa Xosé Vázquez Pintor, nº 9-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.109.- Antonio Otero García, reparación cuberta en Baixada ao Rapallo, nº 27-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.112.- "UNIÓN FENOSA DISTRIBUCIÓN S.A.", rede de baixa tensión en Reboredo-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.115.- Josefa Chapela Sotelo, pintado fachadas en Rúa do Hío, nº 29-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.117.- Juan Manuel Paz Piñeiro, reforma cuberta e fachadas en Camiño Castiñeiras, nº 5-O Hío.

EXPEDIENTE Nº 25.120.- Jacinto Pazó Barreiro, reparacións exteriores na Madalena, nº 46-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.126.- Eladio González Martínez, cerramento e portal en Erbello-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.128.- Ignacio Pousa Cordeiro, cambio tella en Erbello, nº 48-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.129.- José Antonio Bernárdez Villar, reparacións exteriores en Devesa, nº 7-Coiro.

EXPEDIENTE Nº 25.131.- Angel Fernández Villar, cerramento en Menduíña-Aldán.

EXPEDIENTE Nº 25.132.- "IMPERNOSA, S.L.", tratamento de fachadas en Camiño Vello de San Roque-Darbo.

EXPEDIENTE Nº 25.133.- José María Pérez García, substitución material cubrición en Rúa Progreso, nº 2-Cangas.

EXPEDIENTE Nº 25.135.- Alberto Casqueiro Iglesias, reparación cuberta en Rúa Buenos Aires, nº 6-Cangas.

4º.- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA

4.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 30/2013-S

Dase conta de proposta do instrutor do día 4.8.14 referente ó expediente de infracción urbanística nº 30/2013-S, que é como segue:

"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA Nº 30/2013-S

PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 28

de maio do 2014, resulta que:

PRIMEIRO.- Por parte de M^a Fernanda Núñez Navarro, e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Santa Marta-Darbo, obras consistentes en realizar un cerramento a base de tubos de malla metálica sen recuado de 4,00 metros do eixo do camiño, e sen deixar o espazo enrasado co camiño. Non foi realizada a tira de cordas polo técnico municipal, sendo a construción de carácter ilegalizable.

SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegación ou para aportar documentos e informacións, o interesado o día 24 de xuño do 2014, rexistro de entrada nº 7731, do 26 de xuño, formula alegacións ao expediente sancionador sinalando que:

- Que se suspenda a tramitación do expediente sancionador incoado ata que non se resolvan os recursos contencioso-administrativo que anuncia vai interpoñer no escrito presentado, ronte ás resolucións administrativas ditadas no seno do expediente de restauración da legalidade urbanística e sancionador.*

Visto o artigo 208 da LOUGA: "Os feitos constatados polo persoal funcionario da inspección e vixilancia urbanística no exercicio das competencias propias en materia de disciplina urbanística, gozan de valor probatorio e presunción de veracidade, sen prexuízo das probas que en defensa dos respectivos dereitos ou intereses poidan sinalar ou achegar os administrados."

Como sinala o artigo 219: "Nas obras que se executasen sen licenza ou con inobservancias das súas condicións serán sancionadas, por infraccións urbanísticas, ás persoas físicas ou xurídicas responsables delas, en calidade de promotor/a das obras, propietario/a dos terreos ou empresario/a das obras, e os/as técnicos/as redactores/as do proxecto e directores/as das obras."

219.4: "As sancións que se lle impoñan aos distintos suxeitos por unha mesma infracción terán entre si carácter independente."

223: "O prazo para resolver o procedemento sancionador será de un ano contado desde a data da súa iniciación."

Resultando que no artigo 216 da LOUG se sinala que: "Toda infracción urbanística implicará a imposición de sancións aos responsables, así como, a obrigación de resarcimento dos danos e indemnizacións das perdas a cargo deles, todo isto con independencia das medidas previstas na sección anterior."

Visto que non resulta probada a interposición de ningún recurso contencioso-administrativo que leve aparellada a solicitude de medida cautelar de suspensión do acto ditado e que, segundo o disposto no artigo 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común, a interposición dun recurso contencioso-administrativo en nada afecta á executividade dun acto administrativo.

TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado, sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216 da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3.4 da mesma norma citada.

CUARTO.- Que M^a Fernanda Núñez Navarro, na súa calidade de promotora, é responsable directa da referida infracción.

QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística, a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001€.

SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.d. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.

Visto o Decreto da Alcaldía do día 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

** Desestimar as alegacións presentadas os días 24 de xuño de 2014, por M^a Fernanda Núñez Navarro ao expediente sancionador nº 30/2013-S, xa que non resulta probada a interposición de ningún recurso contencioso-administrativo que leve aparellada a solicitude de medida cautelar de suspensión do acto ditado e que segundo o disposto no artigo 94 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico e procedemento administrativo común a interposición dun recurso contencioso-administrativo en nada afecta á executividade dun acto administrativo.*

**Impoñer a M^a Fernanda Núñez Navarro, na súa calidade de promotora unha multa sancionadora de 6001€, por infracción ao ter cometido obras no lugar de Santa*

Marta-Darbo, consistentes en realizar un cerramento a base de tubos de malla metálica sen recuado de 4,00 metros do eixo do camiño e sen deixar o espazo enrasado co camiño.

Non foi realizada a tira de cordas polo técnico municipal.

De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese á interesada que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento, se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa, e o infractor amosa por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ao exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 30/2013-S.

EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO

5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/RECURSO DE REPOSICIÓN DE POSTO DE VENDA AMBULANTE

Dase conta de proposta do día 7.8.14 da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a recurso de reposición de posto de venda ambulante, que é como segue:

"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO DE RESOLUCIÓN DO RECURSO DE REPOSICIÓN FORMULADO POR HERMELINDA CAMIÑA OTERO, CONTRA ACORDO DE XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 27/01/2014, POLO QUE SE DENEGA A PRÓRROGA PARA O ANO 2014 DA SÚA LICENZA MUNICIPAL DE VENDA AMBULANTE

ANTECEDENTES:

1.- Dª Hermelinda Camiña Otero presentou o 24/01/2014 solicitude de renovación da licenza de venda ambulante da que era titular, achegando documentación para completar a presentada coa solicitude o 04/02/2014.

2.- A Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria do día 27/01/2014, acordou declarar revogada a licenza municipal de venda ambulante da que era titular a interesada por non presentar a solicitude de renovación dentro do prazo outorgado.

3.- O acordo anterior foille notificado á interesada o 31/01/2014 con indicación dos recursos procedentes.

4.- Con rexistro de entrada no Concello de Cangas do 04/02/2014 a interesada presentou recurso de reposición contra o acordo de Xunta de Goberno Local citado, alegando en síntese que durante o tempo que permaneceu aberto o prazo para presentar a solicitude coa documentación correspondente para a renovación de licenza, se atopaba de baixa médica (o que xustifica coa documentación que achega) que se tería prolongado entre o 10/09/2013 e o 03/02/2014, o que lle tería presentar a solicitude de renovación ao estar impedida para efectuar desprazamentos.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:

I.- O Regulamento municipal de venda ambulante do Concello de Cangas aplicable ás renovacións de 2014 (B.O.P da provincia de Pontevedra nº 67 do 8 de abril de 2013) prevé no seu artigo 16, que as autorizacións terán unha vixencia de un ano natural, prorrogable de forma expresa por períodos de igual duración. O prazo para a presentación da documentación correspondente para a renovación irá desde o 1 de decembro ata o 30 de decembro de cada ano.

II.- O motivo alegado non desvirtúa o motivo polo que se lle revogou a licenza. A baixa médica non abeira que a solicitude de renovación se presente fóra do prazo outorgado, de feito a interesada presenta finalmente a súa solicitude de renovación cando aínda permanecía de baixa, o 24/01/2014, e no concello non consta que durante o período no que estivo de baixa (que incluíu o prazo de renovacións) se interrompese a actividade no posto que tiña autorizado, de tal xeito que as persoas que mantiveron esa actividade poderían ter presentado a súa solicitude e a documentación ou en último caso incluso tería a posibilidade de recorrer aos medios previstos no artigo 38 da Lei 30/1992, para a presentación desa solicitude de renovación evitando desprazamentos.

III.- O órgano competente para a resolución do presente recurso é a Xunta de Goberno Local, segundo os artigos 116 da Lei 30/1992 e 15 do regulamento vixente.

En atención ao anteriormente exposto propoño á Xunta de Goberno Local adoptar o seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Desestimar integramente o recurso de reposición interposto por Hermelinda Camiña Otero o 04/02/2014, con rexistro de entrada nº 1264, fronte ao acordo de Xunta de Goberno Local do día 27/01/2014, polo que se declara revogada a licenza municipal de venda ambulante da que era titular por non presentar a solicitude de renovación dentro do prazo outorgado, advertíndolle que deberá absterse de continuar a colocar o posto no mercado por carecer de autorización, resultando de aplicación, en caso contrario, o réxime sancionador e as medidas previstas para tal efecto na normativa de aplicación, sen prexuízo de que estean obrigados a satisfacer as taxas municipais e calquera outra obriga derivadas da ocupación efectiva do posto.

SEGUNDO.- Dar traslado do presente acordo á interesada, á Tesourería Municipal e á Concellería de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, comunicando á interesada que como recursos procedentes contra o presente acto que pon fin á vía administrativa, pode interpoñer recurso contencioso administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de DOUS MESES, contado a partir do seguinte a esta notificación, sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro recurso que estime procedente."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de emprego, industria, comercio, consumo e turismo, referente a recurso de reposición de posto de venda ambulante.

PERSOAL E PARTICIPACIÓN VECIÑAL

6º.- COMUNICACIÓNS DE BAIXAS DE PERSOAL MUNICIPAL POR XUBILACIÓN

6.A) COMUNICACIÓN DE DOLORES OTERO RODAL

Dase conta do escrito presentado o día 1.8.14 por DOLORES OTERO RODAL, no que comunica que é funcionaria do Concello de Cangas, coa categoría de limpadora de edificios e locais públicos e por cumprir o día 30.8.14 a idade regulamentaria para a xubilación, solicita a baixa laboral con efectos do 31.8.14, por motivo de xubilación regulamentaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda conceder a baixa laboral, coa categoría de limpadora de edificios e locais públicos, a Dolores Otero Rodal no Concello de Cangas e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.

6.B) COMUNICACIÓN DE ANTONIO GRAÑA GRAÑA

Dase conta do escrito presentado o día 1.8.14 por ANTONIO GRAÑA GRAÑA, no que comunica que é traballador en activo do Concello de Cangas, con destino na Fundación Deportiva Municipal, coa categoría de oficial de mantemento, e por estar en idade de xubilación ordinaria, solicita a baixa laboral con efectos do 2.9.14, por motivo de xubilación regulamentaria.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda conceder a baixa laboral, coa categoría de oficial de mantemento, a Antonio Graña Graña no Concello de Cangas e, así mesmo, trasladarlle o agradecemento da corporación municipal polos servizos prestados.

ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA

7º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA S/EXECUCIÓN DE GARANTÍA PRESTADA POLA DÉBEDA DERIVADA DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO NA AVDA. DE BUEU, NÚM. 34-CANGAS, A FAVOR DE "RESIDENCIAL A CAÍNA, S.L."

Vista a proposta da Alcaldía do día 31.7.14, referente a execución de garantía prestada pola débeda derivada do aproveitamento urbanístico na Avda. de Bueu, nº 34-Cangas, a favor de "RESIDENCIAL A CAÍNA, S.L.", que di o seguinte:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

EXECUCIÓN DE GARANTÍA PRESTADA POLA DÉBEDA DERIVADA DO APROVEITAMENTO URBANÍSTICO NA AVDA. DE BUEU, Nº 34-CANGAS, A FAVOR DE 'RESIDENCIAL A CAÍNA, S.L.' - CIF: B-36543163.

Vista a Resolución de Alcaldía do día 28/09/2007, de aprobación dun aprazamento de pago da liquidación por aproveitamento urbanístico por importe de 179.030,26 €, mais intereses do aprazamento, correspondente ao edificio construído na Avenida de Bueu, nº 34 de Cangas, coa licenza municipal nº 21428, a favor de 'RESIDENCIAL A CAÍNA, S.L.', con CIF: B-36543163.

Visto que o día 05/09/2011 se lle concedeu a licenza de 1ª ocupación do edificio antedito, quedando executado polo tanto o aproveitamento urbanístico garantizado.

Visto o incumprimento do calendario de pagos concedido, nos días 6 e 9 de maio de 2014 intentouse a notificación ao debedor.

Visto que se devengaron os intereses correspondentes á débeda antedita nos seguintes importes derivados do incumprimento do calendario de pagos aprobado no fraccionamento incumprido:

CALENDARIO DE PAGOS	DÉBEDA PRINCIPAL	INTERESES	TOTAL
<i>20/10/2007</i>	<i>30.000,00</i>	<i>0,00</i>	<i>30.000,00</i>
<i>20/11/2007</i>	<i>50.000,00</i>	<i>208,33</i>	<i>50.208,33</i>
<i>20/12/2007</i>	<i>50.000,00</i>	<i>416,67</i>	<i>50.416,67</i>
<i>20/01/2008</i>	<i>49.030,23</i>	<i>612,88</i>	<i>49.643,11</i>
	<i>179.030,23</i>	<i>1.237,88</i>	<i>180.268,11</i>

*Capital Inicial: **180.268,11***

Fecha Inicial: **21/01/2008**

Fecha final: **31/07/2014**

Desde	Ata	Días	Capital acumulado	% interés	Total intereses
21/01/2.008	31/12/2008	346	180.268,11	5,5	9.372,96
01/01/2009	31/03/2009	90	180.268,11	5,5	2.444,73
01/04/2009	31/12/2009	275	180.268,11	4	5.432,74
01/01/2010	31/12/2010	365	180.268,11	4	7.210,72
01/01/2011	31/12/2011	365	180.268,11	4	7.210,72
01/01/2012	31/12/2012	366	180.268,11	4	7.210,72
01/01/2013	31/12/2013	365	180.268,11	4	7.210,72
01/01/2014	31/07/2014	212	180.268,11	4	4.188,15

Capital:	180.268,11
Total intereses:	50.281,46
Total:	230.549,57

Visto que na Tesourería Municipal do Concello de Cangas atópase depositado AVAL SOLIDARIO do día 26 de setembro de 2007, da entidade CAIXANOVA, CIF G36600369, a 'RESIDENCIAL A CAÍN A, S.L.', con NIF B36543163, por un importe de CENTO SETENTA E NOVE MILTRINTA EUROS CON VINTE SEIS CÉNTIMOS (179.030,26 €), e inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 0047.3000102970, para responder das obrigas derivadas de 'APROVEITAMENTO URBANÍSTICO AVDA. DE BUEU, Nº 34-CANGAS. EXP. Nº AU/2007/02'.

Visto que na Tesourería Municipal do Concello de Cangas atópase depositado AVAL SOLIDARIO do día 8 de outubro de 2007 da entidade CAIXANOVA, CIF G36600369, a 'RESIDENCIAL A CAÍNA, S.L.', con NIF B36543163, por un importe de CORENTA E SEIS MIL TRESCENTOS CATRO EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (46.304,91 €), e inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 0047.300010299-4, para responder das obrigas derivadas de 'APROVEITAMENTO URBANÍSTICO AVDA. DE BUEU, Nº 34 CANGAS. EXP. Nº AU/2007/02', AVAL COMPLEMENTARIO DO 0047.3000102970.

PROPOÑO:

Primeiro.- A incautación do aval bancario concedido por CAIXANOVA, CIF G36600369, á 'RESIDENCIAL A CAÍNA, S.L.', con NIF B36543163, por importe de CENTO SETENTA E NOVE MILTRINTA EUROS CON VINTE SEIS CÉNTIMOS (179.030,26 €), o día 26 de setembro de 2007, para responder das obrigas derivadas de 'APROVEITAMENTO

URBANÍSTICO AVDA. DE BUEU, Nº 34-CANGAS. EXP. Nº AU/2007/02', perante este Concello de Cangas, como consecuencia do incumprimento do calendario de pagos aprobado na resolución de fraccionamento de débeda, e unha vez executado o aproveitamento urbanístico, tal e como se desprende da licenza de 1ª ocupación concedida o día 5 de setembro de 2011.

Segundo.- A incautación do aval bancario concedido por CAIXANOVA, CIF G36600369, á 'RESIDENCIAL A CAÍNA, S.L.', con NIF B36543163, por importe de CORENTA E SEIS MIL TRESCENTOS CATRO EUROS CON NOVENTA E UN CÉNTIMOS (46.304,91 €), o día 8 de outubro de 2007, para responder das obrigas derivadas de 'APROVEITAMENTO URBANÍSTICO AVDA. DE BUEU, Nº 34-CANGAS-EXP. Nº AU/2007/02, AVAL COMPLEMENTARIO DO 0047.3000102970', perante este Concello de Cangas, como consecuencia do incumprimento do calendario de pagos aprobado na resolución de fraccionamento de débeda e unha vez executado o aproveitamento urbanístico, tal e como se desprende da licenza de 1ª ocupación concedida o día 5 de setembro de 2011.

Terceiro.- Notificar aos interesados e á Tesourería municipal o presente acordo para os efectos oportunos."

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a execución de garantía prestada pola débeda derivada do aproveitamento urbanístico na Avda. de Bueu, nº 34-Cangas, a favor de "RESIDENCIAL A CAÍNA, S.L."

8º.- DACIÓN DE CONTA DE SENTENZAS E RESOLUCIÓNS XUDICIAIS

Este punto foi retirado da orde do día.

URXENCIAS

ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

A) SOLICITUDE DE ITZIAR MAGDALENO PAZÓ S/AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN DE CARTEL PUBLICITARIO

Vista a solicitude presentada o día 23.7.14 por ITZIAR MAGDALENO PAZÓ, DNI nº 73.240.964-V, con enderezo en Rúa San José, nº 3-baixo-Cangas, no que demanda autorización municipal para a instalación dun cartel no poste da entrada á Rúa San José, na confluencia coa Avda. Eugenio Sequeiros, á altura de Caixanova, para a

promoción do seu negocio sito en rúa San José, nº 3-baixo, comprometéndose a poñelo nun lugar onde non moleste a ninguén nin cause danos a terceiros.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda acceder ao solicitado pola Sra. Magdaleno Pazó, para instalación de cartel publicitario no lugar que se lle indique polo Concello de Cangas.

B) CORRECCIÓN DE ERROS DE ACORDOS DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

B.1) RECTIFICACIÓN DE ACORDO S/APROBACIÓN DO PREZO PÚBLICO PARA A REALIZACIÓN DUN CURSO DE MONITORES DE TEMPO LIBRE

Vista a proposta do día 8.8.14 da técnica responsable de Xuventude, referente a erro detectado en acordo A) de urxencias adoptado na Xunta de Goberno Local do día 21.5.14, referente a aprobación do prezo público para a realización dun curso de monitores de tempo libre, que é como segue:

"PROPOSTA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Proposta de Mercedes Lorenzo Núñez, técnica responsable de Xuventude do Concello de Cangas.

Que advertido erro no acordo de Xunta de Goberno Local do vinte de maio de dous mil catorce, referente ao número de horas de duración do Curso de Monitores de Tempo Libre, no que consta:

- *150 horas teóricas*
- *120 horas prácticas*

Proponse a súa rectificación quedando do seguinte xeito:

- ***200 horas teóricas***
- ***150 horas prácticas.***

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta transcrita anteriormente da técnica responsable de Xuventude, referente a erro detectado en acordo A) de urxencias adoptado na Xunta de Goberno Local do día 21.5.14, de aprobación do prezo público para a realización dun curso de monitores de tempo libre.

B.2) RECTIFICACIÓN DE ACORDO S/APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS

Ao terse detectado un erro no acordo 6.A) adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 28 de xullo de 2014, referente a aprobación de solicitudes de devolución de garantías, na que se refire ao solicitante, EZEQUIEL MARTÍNEZ SANTOS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda proceder á rectificación do acordo 6.A) adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión do día 28 de xullo de 2014, referente a aprobación de solicitudes de devolución de garantías, na que se refire ao solicitante, EZEQUIEL MARTÍNEZ SANTOS, e polo tanto,

* onde di:

EZEQUIEL MARTÍNEZ SANTOS NIF Nº 36.027.139-P Camiño de Viñó, nº 45-O Hío	FIANZA	600,00 €	FIANZA 2010 QUIOSCO
--	--------	----------	---------------------

* debe dicir:

EZEQUIEL MARTÍNEZ SANTOS NIF Nº 36.027.139-P Camiño de Viñó, nº 45-O Hío	FIANZA	600,00 €	FIANZA 2009 QUIOSCO FIANZA 2010 QUIOSCO
--	--------	----------	---

ROGOS E PREGUNTAS.

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace
o presidente